

ACTA N° 31/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela

Escusa a súa inasistencia D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 2 de agosto de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 13:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 13:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Non se traen actas para a súa aprobación.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 120/10 – COMUNIDADE DE PROPIETARIOS FRAGATA BLANCA, 9 presenta estudo técnico de eliminación de pavimento e impermeabilización de terrazas no edificio xa existente situado na rúa Fragata Blanca nº 9, do Real, segundo o proxecto redactado polo aparelador José Miguel Correo Pazos e visado o 09.07.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA A CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación e ornato definidas na documentación técnica presentada.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na eliminación de pavimento e impermeabilización de oito terrazas do edificio de acordo co estudo técnico presentado.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto s/construción | 151,20 € |
| Taxas licenza urbanística | 65,00 € |

2.B) EXPTE. 99/10 – D. JOSÉ PIÑEIRO DÍAZ presenta proxecto de conservación de cuberta en vivenda unifamiliar existente na rúa A Canexa, nº 50, do barrio da Praia, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 25.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 26 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificacións e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación. Non procede demolición.

A presente licenz outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se colocará planchas onduladas de fibrocemento e tella de remate. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|----------|
| Imposto s/construción | 200,95 € |
| Taxas licenza urbanística | 65,00 € |
| Cartel de obra..... | 110,00 € |

2.C) EXPTE. 121/10 – D. JESÚS GARCÍA PIÑEIRO presenta memoria para realizar obras de conservación de vivenda unifamiliar xa existente na Abilleira nº 167, Reibón, Meira, redactada polo arquitecto técnico D. José María García Francisco, visado o 16.07.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificacións e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010. As demais obras de conservación non son obxecto de encaixe nos distintos apartados do referido decreto.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se impermeabilizarán muros, reparará cuberta, revestimento exterior de fachadas, aplacado en cuartos humedos, substitución de solado, repaso de enfoscados en tabiquería, substitución de carpintería exterior e mobiliario de cociña, substitución de sanitarios con incorporación de falso teito de escaiola. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

| | |
|---------------------------------|------------|
| Imposto s/construción | 1.011,98 € |
| Taxas licenza urbanística | 90,35 € |
| Cartel de obra..... | 110,00 € |

3.- LICENZAS DE APERTURAS

EXPTE. 31/19 – Dª MARINA ESCARLATA ÁLVAREZ COSTA solicita, mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 07.05.10, licenza de apertura de local destinado a RESTAURANTE na Guía nº 214, Meira-Moaña.

Visto o informe do aparelador municipal do 23 de xullo de 2010 que literalmente di:

ASUNTO: RESTAURANTE

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento destinado a restaurante a favor de María Escarlata Alvarez Costa.

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 22 de febreiro do 2010. Aforo do local 90 persoas.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa para a zona determina a súa compatibilide.

A licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada polo Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, do certificado de illamento acústico suscrito por empresa homologada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reunen as condicións do acordado para a licenza de actividade poda exercer o seu funcionamento.

Atendendo o disposto na ordenanza para a presente actividade de ocio e esparcemento catalogada do Grupo I que teñen por finalidade fundamental a reunión de persoas para charlar, tomar unha consumición ou comer non se permite a instalación dos aparellos reprodutores de música nin videos musicais. o nivel de emisión interno (NEI) máximo de 80 dB(A), o illamento acústico mínimo a ruído aéreo respecto das vivendas superiores – non existentes - será de 55 dB(A) (Dnt+C).

No expediente consta a acta de comprobación do Arquitecto técnico municipal e Inspector de obras previa a apertura e funcionamento da actividade consonte fan costar a adecuación do local a licenza con expediente 188/2009

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 500 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **D^a MARINA ESCARLATA ÁLVAREZ COSTA**, licenza de apertura para establecemento destinado a RESTAURANTE no local situado na Guía, 214, Meira-Moaña, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

O xefe territorial de Pontevedra da CONSELLERÍA DE EDUCACION E ORDENACIÓN solicita licenza de obra para saneamento da pista deportiva do IES A PARALAIA, para o que presenta proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta D.^a María Dolores Blanco Pouso.

Visto o informe do aparelador municipal do día 23 de xullo de 2010, que literalmente di:

Arturo Garrido García, aparelador municipal deste Concello, a requirimento do Sr. alcalde emite informe favorable para o outorgamento de licenza en relación coa petición formulada polo Departamento Territorial de Pontevedra, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Servizo de Programación e Contratación), ante a previsión de acometer a obra definida no proxecto de **Execución do saneamento da pista deportiva do “ IES A Paralaia ”** sobre un solo que as NN. SS de planeamento municipal califican coincidente co fin actual do equipamento asentado.

Segundo se describe na memoria do proxecto, trátase de elevar o solado da pista en 57 centímetros e canalizar as augas que entran pola fachada posterior a través dunha ampla canaleta cuberta con rexilla e evacuación a rede principal de saneamento; igoalmente actuaráse sobre os terreos próximos a fachada traseira na evacuación de augas existentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras solicitada, sen autorizar a conexión da condución de pluviais á rede de saneamento.

5.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla de seguido,

| DEPARTAMENTO | CONCEPTO | PROVEDOR | PARTIDA | IMPORTE |
|----------------|----------------------------------|----------|--------------------|---------|
| MEDIO AMBIENTE | Roupa para patrons e socorristas | PEYCAR | 1350-22104 RC 1159 | 538,08 |

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

ASIMESMO acorda anularse a proposta de gastos aprobada na Xunta de Goberno de data 6/7/10 polo mesmo concepto pero de distinto importe.

| | | | | |
|----------------|----------------------------------|--------|--------------------|--------|
| MEDIO AMBIENTE | Roupa para patrons e socorristas | PEYCAR | 1340-22104 RC 1091 | 159,30 |
|----------------|----------------------------------|--------|--------------------|--------|

5.B) Vista a proposta económica remitida por COSEGAL, Control e servizos galegos, S.L. polo servizo de controlador-porteiro equipado para a carpa da Semana do Mar, solicitada pola Concellería de Medio Ambiente e Mar, e cuxo importe é de 260,19 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e

no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para este gasto que se efectuou na partida 4320-22701, RC 1162

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e compromentendo o gasto, por un importe de 260,19 € a favor da empresa Contros e Servizos Galegos, S.L., con cargo a partida 4320-22701 RC 1162, polo controlador-porteiro para a carpa da Semana do Mar.

5.C) Vista a proposta económica remitida por CEN CANGAS, S.L. polo subministro de reposto –bifurcación 45 mm x 25mm- para a tanqueta contra incendios, solicitada pola Concellería de Medio Ambiente e Mar, e cuxo importe é de 212,40 euros.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado pola retención de crédito para este gasto que se efectuou na partida 1350-22111, RC 1160,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e compromentendo o gasto, por un importe de 212,40 € a favor da empresa Cen Cangas, S.L., con cargo a partida 1350-22111 RC 1160, polo subministro de reposto para tanqueta contra incendios.

6.- GASTOS A XUSTIFICAR

A Alcaldía, por resolución do 22 de xullo de 2010, autorizou e dispuxo o gasto a favor de Neumáticos Berbes, S.L. en concepto de subministro e montaxe de neumáticos na tanqueta contra-incendios, por importe de 931,30 euros e aprobou o pago a xustificar a D. Daniel Rodas Chapela por este concepto pola esixencia de pago inmediado por parte do taller subministrador.

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 23 de xullo de 2010,.

Visto o informe favorable do interventor do 28 de xullo de 2010 sobre a liquidación do pago a xustificar concedido por resolución da Alcaldía do 22 de xullo de 2010 a don Daniel Rodas Chapela,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeira: Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. DANIEL RODAS CHAPELA por importe de 931,30 euros, en concepto de pago a xustificar por montaxe neumático tanqueta contraincendios, con cargo a partida 1350 21400.

Segundo: Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

7.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

No DOG do 2 de xullo de 2010, publícase a *Orde do 25 de xuño de 2010 pola que se regula a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición de Fondo de Compensación Ambiental* da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. As actuacións subvencionables deben responder, entre outras, ao impulso da eficiencia e utilización sustentable das enerxías renovables.

Visto o obxecto e os beneficiarios da convocatoria,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: acollerse á convocatoria encadrada na liña de subvención descrita no artigo 1º.3 b) desta Orde e solicitar subvención para o *Proxecto de mellora da eficiencia enerxética no alumado público na zona da Praza do Mar no Concello de Moaña* cuxo orzamento de execución é de 40.178,82 € .

Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

8.- REXISTRO DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS - SECRETARIA

8.1) INSCRICIÓN:

A) D^a SONIA COUSO GALLEGO solicita licenza para a tenza para acompañamento, de dúas cadelas DOBERMAN, raza considerada como perigosa, cuxos nomes son DORA e KIRA.

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 2 de agosto de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas solicitadas para a tenza das cadelas de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

B) D. JESÚS MANUEL GARCÍA RIAL solicita licenza para a tenza dunha cadela AMERICAN STAFFORDSHIRE, raza considerada como perigosa, para acompañamento, cuxo nome é NALA

Visto que o solicitante achega toda a documentación requirida, segundo se recolle no informe de Secretaría do 2 de agosto de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada para a tenza da cadela de raza considerada como perigosa, a súa inscrición no rexistro municipal e que se traslade o acordo ao Rexistro Galego de Animais Potencialmente Perigosos.

8.II) RENOVACIÓNS DE LICENZAS

Vistas as solicitudes de renovación de licenzas para a tenza de cans de razas consideradas como perigosas por ter transcorridos xa cinco anos desde o seu outorgamento, e dado que se achega toda a documentación requirida segundo se recolle no informe de Secretaría de data 2 de agosto de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a renovación das seguintes licenzas para a tenza de can de razas consideradas perigosas

- nº 10/04, cuxo titular e D. Álvaro Freire Martínez, nome do can: BRAT
- nº 14/04, cuxo titular e D. José Francisco Alonso Currás, nome do can CIRO.

9.- XUSTIFICACIÓN FINAL DO PROGRAMA CONSERVACIÓN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009.

Visto o informe da técnica de emprego do 2 de agosto de 2010, sobre a xustificación final dos programas de cooperación local 2009, en concreto do servizo *Conservación de instalacións municipais*, no que estiveron contratados, durante oito meses, un oficial albanel, un oficial carpinteiro e dous peóns de servizos múltiples,

Vista a proposta da Alcaldía do 2 de agosto de 2010, que textualmente di:

Rematada o pasado 7 de xuño de 2009 a execución do servizo “Conservación de Instalacións Municipais” subvencionada dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido na resolución de concesión de subvención e do contido na Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación do servizo “Conservación de Instalacións Municipais” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Conservación de Instalacións Municipais.

| SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL | CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL | DIFERENZA | CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (IPlus extrasal + I. cese) | TOTAL CUSTOS PROXECTO |
|--|---|-----------|--|-----------------------|
| 55.994,56 | 56.256,13 | - 261,57 | 5.561,06 | 61.817,19 |

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 6 de agosto de 2010.

10.- TRÁFICO

D.^a Josefa Piedras Miranda, por escrito do 11 de maio de 2010, expón que no Cristo da Farria, en Berducedo, no cruce, non hai sinalización ningunha, co conseguinte perigo para os viandantes e coches que pasan, e solicita que se tomen as medidas oportunas.

Visto o informe do xefe da Policía local do 19 de xullo de 2010, conformado pola concelleira delegada, no que indica que se trata dun cruce de dúas vías, unha que vai dende a aula de cultura ao Meixueiro e outra que vai dende o Cristo da Farria a Fraga, e que neste vial se recomenda colocar un sinal de STOP, sinalización vertical e horizontal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do sinal de STOP nos termos recollidos no informe do xefe da Policía local.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 14:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.